



CONCELLO DE MUROS
(A Coruña)

ANUNCIO

A Alcaldía deste Concello por Resolución do día 4 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo

APROBAR AS BASES QUE HAN DE REXER A PROVISIÓN EN RÉXIME DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE 2 CAPATAZES, 2 PEÓNS CONDUTORES E 6 PEÓNS PARA A CREACIÓN DE DÚAS BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS 2018.

1 Obxecto da convocatoria

Constitúe o obxecto destas bases a aprobación da convocatoria e regulación do proceso selectivo para a provisión mediante contratación laboral por obra ou servizo durante tres meses a xornada completa a quendas, segundo o horario a establecer polo distrito forestal V, de 2 prazas de capataz, 2 de peóns condutores e 6 de peóns para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, anualidade 2018.

Este proceso realízase en base ao convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Muros para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020 asinado o 28/06/2016.

As retribucións salariais brutas por todos os conceptos, incluídas a parte proporcional das pagas extras, son as seguintes: capataz: 1.450,00 €/mes; peón condutor: 1.200,00 €; e peón: 1.150,00 €. As datas de inicio e finalización do contrato estableceranse na resolución que resolva a contratación do persoal.

2 Características do posto

Área de subscrición: Medio Ambiente

Denominación dos postos: capataz, peón condutor e peón

Grupo: III e V respectivamente

Titulación: Certificado de estudos segundo o previsto no punto 4 f).

Outros coñecementos: CELGA 4 e CELGA 2 respectivamente.

Funcións: As funcións a desenvolver consisten nas tarefas propias dos postos de traballo nas brigadas de prevención e defensa contra os incendios forestais obxecto do convenio asinado coa Consellería de Medio Rural, consistentes na realización, por parte de todos os membros da brigada, de tarefas de limpeza de masa forestal e extinción de incendios forestais. Así mesmo, realizarán aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais e polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo.



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

3 Sistema de selección

O sistema de selección será de concurso-oposición, que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 8 destas bases.

4 Requisitos das persoas aspirantes

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 56 e 57 do RDL 2/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos os 18 anos da idade.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectadas por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións propias do posto de traballo, que será xustificado mediante informe médico.
- d) Non ter sido separadas do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- e) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.
- f) Titulación requirida:
 - Para a praza de peón condutor e peón é requisito imprescindible estar en posesión do certificado de escolaridade, equivalente ou superior.
 - Para a praza de capataz é requisito imprescindible estar en posesión da titulación de enxeñeiro/a de montes, enxeñeiro/a técnico forestal, técnico/a superior en xestión de organización de recurso paisaxísticos, técnico/a en traballos forestais e conservación do medio natural, ou equivalente.

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral temporal, no seu caso.

5 Forma e prazo de presentación de instancias

As persoas que desexen formar parte das probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida á Alcaldía do Concello de Muros que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

O prazo para a presentación de solicitudes rematará o **21 de maio de 2018**. As persoas interesadas terán a súa disposición na páxina web e no Concello o modelo de solicitude. A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

As bases das probas selectivas serán publicadas no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Muros (www.muros.gal)

A solicitude deberá ir acompañada por copia compulsada de :

- a) DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- b) Carné de conducir.
- c) Certificado de estudos segundo o previsto no punto 4 f).
- d) Informe ou certificado médico que xustifique que a persoa aspirante ten aptitude física para realizar as probas físicas de selección desta convocatoria e desenvolver as tarefas do posto de traballo.
- e) Se é o caso, documentación que acredite os extremos do punto 7 destas bases. A experiencia laboral acreditarase mediante contratos e informe de vida laboral.

Non se admitirá máis documentación que a presentada con anterioridade á data límite de presentación de solicitudes.

6 Admisión das persoas aspirantes

Rematado o prazo de presentación das solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de persoas admitidas e excluídas. Na resolución, que se publicará no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Muros, sinalarase un prazo de tres días hábiles para poder corrixir ou reparar, no seu caso, o defecto que motivou a exclusión.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo máximo de un mes dende a finalización do prazo de presentación destas. Transcorrido o prazo sen que se dite resolución, estas entenderanse desestimadas. No caso de non presentarse reclamacións, a lista provisional publicada terá carácter definitivo.

7 Tribunal cualificador

O Tribunal de selección de 2 peóns condutores e 6 peóns estará composto por:

PRESIDENTE/A: Ramón Manuel Lago Lago; suplente: Xurxo Xoán Formoso Rama

SECRETARIO/A: Eva Tajés Pérez; suplente: Enrique Carou Peón

VOGAL: José Manuel Lago Lago; suplente: Jesús Lariño Vara



CONCELLO DE MUROS (A Coruña)

O Tribunal de selección de 2 capataces estará composto por:

PRESIDENTE/A: José Manuel Mayo Priegue; suplente: Inés Tajés Grille

SECRETARIO/A: Rosa Monteagudo Rey; suplente: Francisco Abeijón Núñez

VOGAL: Remedios Lamela Lema; suplente: Manuel Esmorís Tajés

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando neste conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de polo menos dous dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia da presidencia e da secretaría ou das persoas que legalmente as substitúan.

8 Procedemento selectivo

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, quedando decaídas no seu dereito as persoas que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo Tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal.

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo acadar ata un máximo de 25 puntos, e que se desenvolverá como se detalla a continuación:

O Tribunal publicará todos os acordos na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello de Muros.

A. Fase de oposición, ata un máximo de 19 puntos

a) Primeiro exercicio

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. A proba consistirá en camiñar 3 200 m sobre terreo chan cun peso de 11 Kg ás costas nun tempo máximo de 30 minutos. A cualificación será de APTO ou NON APTO.



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

As persoas deberán vir provistas de zapatillas de deporte e dunha mochila cargada co peso indicado. Non está permitido correr durante a realización da proba. Recoméndase levar roupa lixeira transpirable e permítese levar líquidos para a hidratación.

b) Segundo exercicio, ata un máximo de 10 puntos

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 5 puntos para superalo. Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases nun tempo máximo de 30 minutos. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,5 puntos, mentres que as erradas restarán 0,2 puntos.

Só realizarán este exercicio as persoas que obteñan a cualificación de APTO no primeiro exercicio.

c) Terceiro exercicio, ata un máximo de 6 puntos

Consistirá na realización dunha proba/entrevista co fin de demostrar a capacidade da persoa aspirante para realizar os traballos relacionados co posto.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 3 puntos para superalo. O tempo de realización será dun máximo de 20 minutos.

O Tribunal determinará cal é o número de coñecementos necesarios para alcanzar os 3 puntos.

Só realizarán este exercicio as persoas que superen o segundo exercicio.

d) Cuarto exercicio, ata un máximo de 3 puntos

Esta proba será obrigatoria para as persoas que non acrediten estar en posesión do nivel de galego requirido. Quedarán exentas as persoas que acrediten o CELGA 2 ou equivalente para as prazas de peón e peón condutor e as persoas que acrediten o CELGA 4 ou equivalente para as prazas de capataz.

As persoas que acrediten estar en posesión dos certificados de galego ou equivalente terán unha puntuación de 3 puntos.

A proba terá como referencia os modelos empregados para cada nivel pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para as probas de acreditación dos Certificados de Lingua Galega (CELGA).



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

Unicamente se publicarán as cualificacións das persoas que superaron cada proba, o que se fará mediante anuncio no taboleiro e na páxina web do Concello de Muros, dispoñendo dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

B.- Fase de concurso de méritos, ata un máximo de 6 puntos

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso. Serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

A experiencia laboral na categoría, deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe de vida laboral e copia dos contratos de traballo. No caso de ter traballado nalgunha administración pública as copias dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio de certificado da administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente. A experiencia laboral no Concello de Muros será acreditada polo propio concello previa declaración dos servizos prestados.

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 3,5 puntos

1. Por cada mes completo ou parte proporcional de servizos prestados en tarefas de prevención e extinción de incendios en calquera administración ou empresas públicas dependentes delas: 0,75 puntos.

Para os procesos selectivos de persoal da brigada de incendios que o Concello de Muros realice nos tres vindeiros anos, aquelas persoas seleccionadas que renunciem ao posto de traballo unha vez tendo asinado o contrato, serán penalizadas e non se lle valorará a experiencia laboral que poidan acreditar.

b) Experiencia en operativos de seguridade, ata un máximo de 1,5 puntos

Por ser membro da agrupación de Protección Civil e participar en polo menos cinco operativos no ano 2017, 1,5 puntos (acreditarse mediante informe do xefe de Protección Civil), ou estar en posesión do ciclo formativo de grao medio de técnico en Emerxencias e Protección Civil

d) Formación, ata un máximo de 1 puntos

Por cursos de formación impartidos por administracións públicas, entidades dependentes destas, centros oficiais de ensino ou entidades privadas, homologados por calquera administración pública e relacionados co posto de traballo a maiores da titulación exixida.

Se a duración se establece en créditos, cada crédito equivale a 10 h.

- Cursos de máis de 100 h: 0,75 puntos.
- Cursos de 50 a 100 h: 0,50 puntos.
- Cursos de 16 a 49 h: 0,25 puntos.



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

No caso de existir empate na puntuación final das persoas aspirantes, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade a obtención da nota máis alta no primeiro exercicio de oposición e, de ser preciso, nos sucesivos, segundo a orde establecida nestas bases. Se continúa o empate, optarase polo maior tempo sen traballar da persoa aspirante que se acreditara coa vida laboral. O Tribunal sinalará ás persoas que deben presentar o informe de vida laboral.

9 Resolución

Concluído o proceso selectivo, o Tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas por orde decrecente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web: www.muros.gal, propondrá ás persoas preseleccionadas segundo orde e establecerá un prazo de tres días naturais dende a publicación da lista para a presentación de reclamacións. No caso de existiren estas, reunirase novamente o Tribunal para resolvelas.

A comunicación da selección da persoa candidata realizarase telefonicamente, deixando constancia do resultado do chamamento pola persoa que o realiza. Se a persoa candidata rexeita a contratación pasará ao último posto da lista, agás que este rexeite sexa por enfermidade da persoa aspirante, do cónxuxe ou familiar de 1º grao de consanguinidade ou afinidade, en tal caso deberá acreditalo por escrito e manterase no posto da lista. Se unha persoa candidata rexeita tres veces un contrato sen causa xustificada (baixa médica) será eliminada definitivamente da lista. O chamamento farase sempre empezado pola primeira persoa dispoñible da lista.

A proposta do Tribunal, aprobada por Decreto da Alcaldía, notificarase ás persoas interesadas para que subscriban o contrato laboral.

10 Incidencias

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas.

11 Normativa aplicable

O proceso selectivo rexerase polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.

12 Recursos

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os prazos contarán desde o día seguinte á publicación da resolución.



CONCELLO DE MUROS

(A Coruña)

Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao Contencioso-Administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

ANEXO I. TEMARIO

Tema 1. Conceptos xerais sobre incendios forestais. Física do lume, fases da combustión. O comportamento dos lumes forestais.

Tema 2. Tipos de incendios e técnicas de extinción. Tipos de ataque.

Tema 3. Ferramentas de loita contra incendios forestais. Seguridade persoal. EPIs individuais

Tema 4. O comportamento ante o lume das distintas especies vexetais nos montes de Muros.

Tema 5. Toponimia dos montes de Muros.

Tema 6. Ferramentas de limpeza forestal, tipos, usos e mantementos.

Tema 7. Os distritos forestais. Cadea de mando nos incendios forestais (só para capataces)